

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE CONEXIÓN Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DENDE AVENIDA DO MUÍÑO VELLO Á ESTRADA DE VENTÍN (MILLADOIRO). PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día 28 de xuño de 2016 réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras de conexión ó polígono industrial dende Avenida do Muíño Vello á estrada de Ventín (Milladoiro).

ASISTENTES:

Presidente:

Don Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de obras do Concello.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona María del Carmen Crespo Doldán, interventora accidental da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 13 de xuño de 2016, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa Martínez Montes e Hijos, S.L que ofertou unha baixa dun 40,60 % estaba incurso en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

ACORDOU:

- 1º.- Dirixir escrito vía fax á empresa Martínez Montes e Hijos SL concedéndolle un prazo de 5 días ós efectos de que xustificara diante da mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación a que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.
- 2º.- Que unha vez presentada polas empresa requirida a documentación xustificativa da baixa remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Presentada no prazo conferido a documentación xustificativa pola empresa requirida douselle traslado á



arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da documentación presentada por Martínez Montes e Hijos SL.

A técnica do Concello emite un informe que transcrito literalmente di:

"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA MARTINEZ MONTES E HIJOS SL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO: OBRAS DE CONEXIÓN AO POLÍGONO INDUSTRIAL DENDE AVENIDA DO MUIÑO VELLO Á ESTRADA DE VENTÍN (MILLADOIRO)

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 144.878,53 €. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 105.384,08 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 100.228,09 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 90.205,28 €, que supón un 37,74% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL: 86.057,62 € [40,60% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A documentación que achega a empresa consta de:

- Xustificación dos prezos ofertados
 - o Materiais: carta de compromiso de provedores: Nemesio Ordóñez SA (subministro mestura bituminosa en quente), PROBISA (emulsión asfáltica) MIBASA (gravas/zahorras), GEDHOSA (formigóns) ABN
 - o PIPE (tubaría PVC), CONDUNOR (conducións). En todos os escritos de compromiso figura o prezo dos materiais, a excepción da presentada por CONDUNOR.
 - o Maquinaria. Medios propios. A empresa relaciona a maquinaria en propiedade, que se corresponde coa necesaria para executar as obras obxecto deste contrato. A empresa indica que, dado o ano de fabricación e adquisición, a maquinaria atópase completamente amortizada.
 - o Oferta detallada. Está composta por unha xustificación dos prezos descompostos das partidas que varían en relación co proxecto, e un comparativo por partidas entre o proxecto e a oferta. Cómpre indicar que na oferta da empresa mantense a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial.
- Volume de obra contratado en relación cos medios persoais e materiais do licitador
- Relación entre os custos laborais fixos e o volume de obra contratado
- Programa detallado da execución da obra
- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada

Avaliación da documentación aportada:

Analizada a documentación presentada, en especial o cadro comparativo do orzamento, compróbase que a redución do prezo ofertado concéntrase na execución de cinco partidas (escavación, firme de zahorra, formigón bituminosa -AC 22 e AC 16- e betume asfáltico).

Na partida de estendido e compactado da zahorra, o único elemento que se modifica é o prezo desta, que no proxecto figura a 7,02€/m³, e no descomposto da empresa a 2,94€/m³. Dado que MIBASA oferta un prezo de 1,33€/Tn, si o transformamos a volume (densidade aproximada 2T/m³), o prezo final da partida queda avalado pola oferta da empresa subministradora.

Nos prezos descompostos das partidas de formigón bituminoso (AC 16 surf B 50/70D e AC 22 bin B 50/70 G), a única diferenza entre os descompostos é o prezo dos áridos grosso e fino necesarios para realizar a mestura, que no proxecto están por riba dos 16 €/T e na estudo da empresa, a 4,43 e 4,59€/T respectivamente). Se acudimos ás ofertas dos subministradores, comprobamos que os prezos das gravas e gravillas facilitados por MIBASA están moito máis cerca dos recollidos pola empresa no orzamento que no proxecto.



Canto á partida de TN de betume asfáltico tipo B 50/70, no proxecto técnico que serviu de base á licitación, o descomposto desta partida está formado por 0,001h. de encargado de obra, 0,01h de peón ordinario e 1,1 de betume asfáltico. O prezo descomposto da empresa reproduce esa descomposición, e aplica o mesmo prezo de man de obra que o do proxecto. A diferenza está no custo da TN do betume asfáltico, que no proxecto é de 438,50€ e no da empresa, de 333,38€. Da documentación achegada non é posible determinar ese prezo a partir das ofertas dos diferentes subministradores do material.

Finalmente, a partida de escavación recollida no proxecto está definida como segue: "*M³ de escavación non clasificada en desmonte con martelo picador, incluso rocha, p.p. de cara e transporte de material a lugar de emprego ou vertedoiro autorizado*". Porén, na descomposición da partida inclúe determinados prezos (dinamita, mecha, detonadores, proxecto e dirección de voladura, etc) que non se corresponden coa definición da partida. Por outra banda, a empresa elabora un prezo da partida na que se supón ten analizado as características do solo, e que serve de base á nova descomposición efectuada.

Outros aspectos relevantes a considerar son o feito de que a empresa conte con maquinaria adecuada para a execución dos traballos, e a proximidade da sede da empresa ao emprazamento da obra.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que, aínda que non é posible comprobar a totalidade dos novos prezos ofertados pola empresa licitadora, **esta xustifica adecuadamente, no seu conxunto, a oferta económica presentada, polo que se informa de xeito favorable**".

A vista do resultado do informe emitido por María Gamundi Fernández, procede a continuación no procedemento de Martínez Montes e Hijos SL por considerarse á vista da documentación aportada que non ten carácter desproporcionado a súa oferta económica. Polo tanto a continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación con IVE: 144.878,53.- Euros

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA CON IVE | PUNTOS |
|-----------------------------------------|--------------------------|--------|
| Excavaciones Pose SL | 99.220,00 | 33,21 |
| Arines Obras y Proyectos SL (ARINES SL) | 90.302,43 | 38,49 |
| Cosmalca SL | 113.130,96 | 23,96 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA | 99.275,26 | 33,17 |
| ALVAC SA | 105.848,26 | 29,22 |
| Construcciones Cernadas SL | 117.655,85 | 20,68 |
| Desmaco SLU | 121.746,67 | 17,73 |
| Excavaciones Cernadas Valiña SL | 99.792,33 | 32,87 |
| Excavaciones Agra Castro SL | 112.000,00 | 24,77 |
| Excavaciones Yoni Tuñas SL | 133.288,25 | 9,38 |
| Construcciones Ponciano Nieto SL | 93.548,06 | 36,56 |
| Sondeos Porzuna SL | 93.750,90 | 36,44 |
| Gestal y López SL | 108.992,12 | 26,95 |
| Construcciones Rafer SL | 113.861,00 | 23,43 |
| Construcciones Taboada y Ramos SL | 99.825,00 | 32,85 |
| Martínez Montes e Hijos SL | 86.057,62 | 41,00 |
| Excavaciones Ovidio SL | 98.517,40 | 33,62 |



| | | |
|------------------------------------------------|------------|-------|
| Construcciones J. Mauri e Hijos SL | 93.026,49 | 36,87 |
| Construcciones Iglesias Mera SL | 108.512,80 | 27,29 |
| Excavaciones Midón SL | 89.100,30 | 39,20 |
| Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL) | 96.420,00 | 34,86 |
| Excavaciones y Transportes Manuel Rodríguez SL | 99.966,18 | 32,76 |
| Lancer Proyectos y Obras SA | 118.133,95 | 20,34 |
| Construcciones y Obra Andújar SL | 123.146,75 | 16,71 |
| Nemesio Ordóñez SA | 113.932,46 | 23,38 |
| Construcciones Leonardo Miguélez SL | 100.487,75 | 32,46 |
| Arias Infraestructuras SA | 123.183,61 | 16,69 |
| SYR-AMG SLU | 95.721,14 | 35,28 |
| Aquablue Sistemas Constructivos SL | 99.207,04 | 33,21 |
| Construcciones D. Ogando SL | 97.481,70 | 34,24 |
| Construcciones Concifa SL | 103.877,84 | 30,45 |
| Obras y Saneamientos de Galicia SL | 95.895,10 | 35,18 |
| Hordescon SL | 98.546,38 | 33,61 |
| Empresa de Mezclas Asfálticas SL | 100.371,84 | 32,52 |
| Asfagal Técnicas Viarias SL | 99.777,84 | 32,88 |
| GR Construcciones, Obras y Servicios SLU | 96.590,46 | 34,33 |
| Canarga Construcciones SL | 93.156,00 | 36,80 |
| Construcciones Ramón Vázquez y Reino SL | 130.317,00 | 11,53 |
| COPCISA SA | 99.777,85 | 32,88 |
| Zona de Obra O Rosal | 111.556,47 | 25,09 |
| F. Gómez e Cía SL | 133.925,70 | 8,92 |
| Construmax de Contratas SL | 117.206,73 | 21,01 |

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

| LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA CON IVE | PUNTOS |
|-----------------------------------------|--------------------------|--------------|
| Martínez Montes e Hijos SL | 86.057,62 | 41,00 |
| Excavaciones Midón SL | 89.100,30 | 39,20 |
| Arines Obras y Proyectos SL (ARINES SL) | 90.302,43 | 38,49 |
| Construcciones J. Mauri e Hijos SL | 93.026,49 | 36,87 |
| Canarga Construcciones SL | 93.156,00 | 36,80 |
| Construcciones Ponciano Nieto SL | 93.548,06 | 36,56 |
| Sondeos Porzuna SL | 93.750,90 | 36,44 |
| SYR-AMG SLU | 95.721,14 | 35,28 |
| Obras y Saneamientos de Galicia SL | 95.895,10 | 35,18 |
| Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL) | 96.420,00 | 34,86 |






| | | |
|------------------------------------------------|------------|-------|
| GR Construcciones, Obras y Servicios SLU | 96.590,46 | 34,33 |
| Construcciones D. Ogando SL | 97.481,70 | 34,24 |
| Excavaciones Ovidio SL | 98.517,40 | 33,62 |
| Hordescon SL | 98.546,38 | 33,61 |
| Aquablue Sistemas Constructivos SL | 99.207,04 | 33,21 |
| Excavaciones Pose SL | 99.220,00 | 33,21 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA | 99.275,26 | 33,17 |
| COPCISA SA | 99.777,85 | 32,88 |
| Asfagal Técnicas Viarias SL | 99.777,84 | 32,88 |
| Excavaciones Cernadas Valiña SL | 99.792,33 | 32,87 |
| Construcciones Taboada y Ramos SL | 99.825,00 | 32,85 |
| Excavaciones y Transportes Manuel Rodríguez SL | 99.966,18 | 32,76 |
| Empresa de Mezclas Asfálticas SL | 100.371,84 | 32,52 |
| Construcciones Leonardo Miguélez SL | 100.487,75 | 32,46 |
| Construcciones Concifa SL | 103.877,84 | 30,45 |
| ALVAC SA | 105.848,26 | 29,22 |
| Construcciones Iglesias Mera SL | 108.512,80 | 27,29 |
| Gestal y López SL | 108.992,12 | 26,95 |
| Zona de Obra O Rosal | 111.556,47 | 25,09 |
| Excavaciones Agra Castro SL | 112.000,00 | 24,77 |
| Cosmalca SL | 113.130,96 | 23,96 |
| Construcciones Rafer SL | 113.861,00 | 23,43 |
| Nemesio Ordóñez SA | 113.932,46 | 23,38 |
| Construmax de Contratas SL | 117.206,73 | 21,01 |
| Construcciones Cernadas SL | 117.655,85 | 20,68 |
| Lancer Proyectos y Obras SA | 118.133,95 | 20,34 |
| Desmaco SLU | 121.746,67 | 17,73 |
| Construcciones y Obra Andújar SL | 123.146,75 | 16,71 |
| Arias Infraestructuras SA | 123.183,61 | 16,69 |
| Construcciones Ramón Vázquez y Reino SL | 130.317,00 | 11,53 |
| Excavaciones Yoni Tuñas SL | 133.288,25 | 9,38 |
| F. Gómez e CÍA SL | 133.925,70 | 8,92 |

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de **CONEXIÓN Ó POLÍGONO INDUSTRIAL DENDE AVENIDA DO MUÍÑO VELLO Á ESTRADA DE VENTÍN (MILLADOIRO)** á empresa **Martínez Montes e Hijos SL** con CIF B-15025372 no prezo de setenta un mil cento vinte e dous euros (**71.122,00.- Euros**), máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de catorce mil novecentos trinta e cinco euros e sesenta e dus






céntimos (14.935,62.- €), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e cincuenta minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

